

ESAS MULLERES...

Ola:

Aquí estamos de novo para escoitar un conto. Si, xa sabedes que dos contos aprendemos moitas cousas e hoxe este vai tratar da vida de moitas mulleres.

Hai varios anos, a vida das mulleres e dos homes non tiña nada que ver.

Os homes traballaban nas fábricas e algunhas mulleres tamén, pero sabedes que pasaba? Pois que aínda que fixeran o mesmo traballo, as mulleres cobraban a metade. Se había varios postos nunha empresa, os peores traballos eran para as mulleres porque pensaban que eran máis torpes e non valían para dirixir unha empresa, nin para postos importantes e, o que lles quedaba, eran postos de limpeza ou postos nos que tiveran pouco que pensar.

No traballo do campo pasaba o mesmo: homes e mulleres tiñan que traballar fóra, traballaban nas terras, segaban o trigo con fouciños, ían ao monte con carros de vacas e recollían a comida dos animais aínda que chovera, nevara ou fixera moito sol.

Pero cando chegaban á casa, os homes podían descansar e as mulleres tiñan que seguir traballando: muxindo as vacas, facendo a comida, limpando a casa, pasando o ferro ou cosendo a roupa. A xornada delas era moito máis longa ca dos homes.

Se había alguén enfermo, quen se encargaba do seu coidado, eran as mulleres, aínda que tiveran máis fillos, e se había varios irmáns e só había cartos para estudar un, sempre elixían aos fillos homes, aínda que as mulleres foran máis intelixentes.

Ante esta situación moitas mulleres empezaron a protestar.

Un 8 de marzo de 1857, as mulleres que traballaban nunha fábrica de Nueva York, fixeron unha marcha para solicitar unhas mellores condicións de vida e de salario. Foron dispersadas pola policía daquela época de forma moi violenta e moitas delas morreron.

Un 8 de marzo de 1911 varios países de Europa celebraron o día da muller traballadora, en recordo dun incendio nunha fábrica, na que morreron moitas mulleres.

En 1977, a ONU estableceu o 8 de marzo como día da MullerTraballadora..

Algunhas das mulleres españolas que loitaron por defender os seus dereitos e a súa dignidade foron:

- 1. Concepción Arenal:** naceu en Ferrol e tiña moito interese por estudar. Tivo que vestirse de home para poder ir á universidade. Estudou Dereito. Fíxose escritora e os artigos que escribía eran firmados polo seu home. Cando este enfermou, ela seguía escribindo, pero non podía firmar e cobraba a metade. Posteriormente tivo que deixar de escribir porque era obrigatorio firmar os artigos. Sempre defendeu a dignidade das mulleres.
- 2. Emilia Pardo Bazán;** naceu na Coruña e foi escritora, periodista, catedrática e defensora do feminismo. Intentou entrar dúas veces na Real Academia Española e non lle deixaron porque dicían que ese non era sitio para mulleres.
- 3. Clara Campoamor :** Esta madrileña era avogada e defendeu os dereitos das mulleres. Conseguiu o voto feminino no ano 1933! Si, antes as mulleres non podían votar. Imaxinades que agora cando votades para calquera cousas só o poideran facer os nenos? Pois iso era o que pasaba antes.

E non podemos esquecer todas as mulleres que antes e agora loitaron pola igualdade entre homes e mulleres, para

convencernos que todos somos iguais e diferentes ao mesmo tempo, pero que os homes non son máis ca as mulleres nin as mulleres máis ca os homes!!